Recomendación ao Concello de Marín, sobre a obtención de copias nun proceso selectivo.

Expediente: A.4.Q/43/15

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

Estimada Sra.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª ....., relativo á solicitude para obter copia simple do exames de outros aspirantes nun proceso selectivo no que participou.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito, a interesada indicábanos que tras presentarse ao proceso selectivo para a contratación laboral dun técnico en prospección laboral do programa integrado Emprega Marín, solicitou por escrito ao concello copia dos exames, ante o que o concello consentiu en darlle acceso á totalidade da documentación pero non a facer copias, tan só a do seu propio exame.

2. Dende o concello recibimos informe no que se fai constar que efectivamente se lle permitiu acceder á documentación solicitada, pero non se fai mención algunha á negativa de facilitarlle copia da documentación. Por tal motivo, solicitamos información complementaria no que atinxe concretamente á denegación de facilitar copias dos exames doutros aspirantes.

En contestación á petición deste segundo informe, o concello remitiu un escrito no que sinala que á interesada facilitóuselle o acceso a todos os documentos obrantes no expediente, e copia simple do seu exame, pero non lle proporcionou copia dos exercicios dos restantes aspirantes, que poido consultar pero non fotocopiar. A consulta do expediente nas dependencias municipais estimouse suficiente para que a interesada puidese fundamentar unha eventual impugnación. Máxime cando tal aspirante recibiu aclaracións e

información detallada por parte do Tribunal, en relación aos criterios de valoración das probas e ós motivos polos que se desestimou a súa candidatura.

O concello indica que a pretensión de fotocopiar os exercicios dos demais aspirantes que concorreron con ela á realización das probas, considerouse excesiva e desproporcionado, xa que, a difusión pública de documentos que conteñen datos persoais de carácter nominativo innecesarios para a finalidade perseguida, comporta unha comunicación ilexítima, aos efectos da Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal (LOPD).

No informe afírmase que non houbo indefensión material, pois a interesada tivo acceso ao expediente completo, e dise que proba de tal feito é que a autora da queixa presentou varias reclamacións.

ANÁLISE

1. Para o análise deste asunto, debemos traer a colación o disposto no artigo 105.b) da Constitución e 35.a) e h) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico e do Procedemento Administrativo Común garanten o acceso dos cidadáns aos arquivos e rexistros administrativos así como a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados, e obter copias de documentos contidos neles.

En base nos artigos referidos, a revisión dun exercicio ou o acceso a documentos elaborados polos administrados ou que fan referencia a eles, e a obtención de copias, constitúe un dereito e non unha concesión graciosa; por tanto un Tribunal cualificador ten a obriga de amosar un exercicio ou exame escrito, realizado polo aspirante a unha proba selectiva. Este acceso entendemos que contribúe a garantir os requisitos de igualdade, mérito e capacidade que establece a Constitución nos seus artigos 23.2 e 103.3.

No caso que orixina este expediente de queixa, hai que diferenciar a oportunidade que teñen os participantes no proceso selectivo á revisión da proba realizada, da solicitude expresa formulada pola reclamante de examinar e obter copia dunha serie de documentos obrantes no expediente que lle afecta.

O autor da queixa non só require copia do seu exercicio, senón que solicita tamén copia dos exames feitos por outros candidatos. O artigo 37.3 da Lei 30/1992, sinala que o acceso aos documentos de carácter nominativo que sen incluír outros datos pertencentes á intimidade das persoas figuren nos procedementos de aplicación do dereito, salvo os de carácter sancionador ou disciplinario, e que, en consideración ao seu contido, poden facerse valer

para o exercicio dos dereitos dos cidadáns, poderá ser exercido, ademais de polos seus titulares, por terceiros que acrediten un interese lexítimo e directo.

Creemos que existe un interese lexítimo e directo por parte da interesada dado que a comparación entre ambos exercicios pode ser útil na argumentación e defensa dos seus intereses. A solicitante non actúa aquí como un cidadán calquera, senón que presenta a condición singular de ter sido parte no procedemento no que se xeraron os documentos requiridos. A posibilidade de que o acceso aos documentos depare a quen o pretende un beneficio ou proveito ou lle sirva para evitar o diminuír un prexuízo, implica que o autor da queixa posúe o interese lexítimo necesario para que a súa solicitude sexa atendida, non pudendo o Concello obstaculizar a obtención das copias solicitadas ao non ter xustificado o ente local intereses de terceiros máis dignos de protección nin normas legais que impidan este acceso. O propio Tribunal Supremo avala esta postura en diversas sentenzas, entre as que cabe citar a da Sala do Contencioso-administrativo de 6 de xuño de 2005, rec. 68/2002.

A reclamante ten dereito a acceder aos documentos indicados, así como a obter copia deles a súas expensas, pois o artigo 37.8 da Lei 30/1992 dispón que o dereito de acceso conleva o de obter copias ou certificados dos documentos cuxo exame sexa autorizado pola Administración previo pago, no seu caso, das exaccións que se establezan legalmente. A oposición do concello alegando a normativa de protección de datos de carácter persoal non ten cabida, tendo en conta ademais que non existen datos de terceiros que poidan ser considerados de carácter sensible, senón unicamente inclúense datos meramente nominativos.

Consideramos que, neste caso, o participante no proceso ten a condición de interesado e debe poder ter acceso ao expediente completo da proba de oposición, incluídos os exames e cualificacións doutros aspirantes, o que tamén abrangue á solicitude de copias (a cargo, iso si, da solicitante).

CONCLUSIÓNS

Por todo o indicado anteriormente, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facerlle chegar ao Concello de Marín a seguinte Recomendación:

"*Que se facilite copia dos exercicios realizados non só pola propia interesada e que obran no seu expediente, senón tamén daquela documentación da que se considere que ostenta un interese lexítimo como pode ser os exames doutros participantes no proceso selectivo*."

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluirase na páxina web da institución.

Saúdaa atentamente

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo